


GUÍA PRÁCTICA DE FUNDACIÓNS



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Secretaría Xeral Técnica

1. RÉXIME XURÍDICO DAS FUNDACIÓNS

Na actualidade, as entidades sen ánimo de lucro en xeral, e as fundacións en particular, son o mellor exemplo do claro dinamismo da nosa sociedade e un instrumento de máxima utilidade para que os particulares e as entidades públicas afronten o compromiso de colaborar na realización do interese común de toda a cidadanía.

Día tras día, faise evidente que o sector público non pode ser omnipresente nin os recursos de carácter público ilimitados, polo que a realidade foi desenvolvendo novas organizacións que axudan a cumprir ou satisfacer as necesidades actuais da sociedade. Neste sentido, é necesario salientar a importancia das fundacións á hora de contribuír á realización de fins de interese xeral, e a Comunidade Autónoma de Galicia é un claro expoñente desta situación, cun importante número de fundacións rexistradas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

O desenvolvemento económico impulsou a expansión e a diversificación dos seus fins fundacionais, que son cada vez máis representativos e acordes coa evolución social. Este factor, unido á imaxe positiva e á boa acollida que teñen as fundacións, favoreceu e favorecerá o seu constante auxe. Neste sentido, o seu número e a súa importancia crecen paralelamente ao desenvolvemento do seu pres-

tixio e grao de influencia na nosa contorna. A realidade fundacional, consciente da súa responsabilidade social, achega recursos humanos e económicos co fin de contribuír á consecución dunha sociedade máis xusta, cohesionada e solidaria.

A Constitución española recoñece no seu artigo 34 o dereito de fundación para fins de interese xeral. Pola súa banda, o Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia, no apartado 26 do artigo 27, confírelle a competencia exclusiva á Xunta de Galicia en materia de fundacións de interese galego. Este precepto perfeccionouse coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego que, pola súa vez, se desenvolve no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego.

Os principios de liberdade e voluntariedade, que fundamentan o exercicio do dereito de fundación, son compatibles coa constancia das fundacións nos correspondentes rexistros administrativos. A inscrición, polo seu carácter constitutivo, é un acto de indubidable importancia para a seguridade do tráfico xurídico e regúlase no Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Que é unha fundación de interese galego?

É unha organización constituída sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, afecta de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral para Galicia e que desenvolve principalmente as súas actividades e ten o seu domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A finalidade fundacional debe beneficiar colectividades xenéricas de persoas.

Poderán constituír fundacións tanto as persoas físicas como as xurídicas, sexan estas públicas ou privadas. As persoas físicas deberán ter a capacidade de dispoñer gratuitamente, *inter vivos* ou *mortis causa*, dos bens e dereitos en que consista a dotación. A constitución da

fundación por acto *inter vivos* realizarase mediante escritura pública, mentres que a constitución por acto *mortis causa* se realizará a través de testamento. As persoas xurídicas de índole asociativa requirirán o acordo expreso do órgano competente para dispoñer gratuitamente dos seus bens, conforme aos seus estatutos ou á lexislación que lles sexa de aplicación. Pola súa banda, as de carácter institucional deberán contar co acordo expreso do seu órgano reitor.

A dotación, que pode consistir en bens e dereitos de calquera clase e que constitúe o patrimonio inicial que o fundador lle asigna á fundación, estará afectada de modo duradeiro

á realización de fins de interese xeral e debe ser adecuada e suficiente para o cumprimento destes. Os conceptos de adecuación e suficiencia non son sinónimos. A dotación adecuada implica a idoneidade dos bens e dereitos que integran a dotación para conseguir os fins propostos, mentres que a suficiencia está referida a que os devanditos bens e dereitos teñan un valor económico bastante como para poder alcanzar eses fins. Establécese unha presunción de suficiencia da dotación de 30.000 euros.

As fundacións deben perseguir fins de interese xeral, tales como: defensa dos dereitos humanos; asistencia social e inclusión social; cívicos, educativos ou culturais; científicos; deportivos; sanitarios; laborais; cooperación para o desenvolvemento; promoción do voluntariado; apoio á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres; defensa do medio natural de Galicia; fomento da economía social e desenvolvemento da economía produtiva, ou promoción e atención ás persoas en risco de exclusión.

Para que serve a inscrición rexistral?

As fundacións adquiren personalidade xurídica desde o momento en que se inscribe a escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

A escritura pública de constitución é o instrumento a través do cal se formaliza a súa creación, sen prexuízo da inscrición e dos seus efectos constitutivos, e nela establécense os extremos máis relevantes relativos á entidade. Para que esta sexa válida, deberá cumprir cos requisitos legais e ha de conter, como mínimo, os seguintes datos: a identificación das persoas fundadoras —físicas ou xurídicas—, a vontade de constituír a fundación, os estatutos, a dotación e os membros do padroado.

A inscrición rexistral é unha garantía para as terceiras persoas que se relacionen coas fundacións, o que abrangue tanto as que desexen poñerse en contacto coa fundación co obxectivo de establecer unha posible colaboración en calidade de benfeitoras coma as interesadas en establecer negocios xurídicos con esta. A través do rexistro, estas persoas poden ter a certeza

de que a fundación foi constituída legalmente e, na súa virtude, de que a denominación non resulta controvertida. Ademais, a través del, poden identificarse as persoas representantes e incluír datos como o domicilio, os fins lícitos ou o patrimonio, entre outros.

En canto aos efectos da inscrición, convén salientar o exercicio da publicidade rexistral, mediante a cal se outorga un xeral coñecemento da existencia das fundacións, dos seus estatutos e do padroado. Ademais, concorren diversas consecuencias vinculadas á inscrición, de entre as que destacamos tres. A primeira é a da reserva de denominación, pois unha fundación rexistrada ten garantido que o seu nome non poderá ser utilizado por outra que requira a súa inscrición con posterioridade. A segunda ten que ver coa adquisición da personalidade xurídica, que se adquire coa inscrición da escritura pública de constitución no rexistro. E a terceira garda relación coa definitiva extinción desa personalidade xurídica, que só se entenderá producida coa cancelación dos asentos rexistrais.

Que fundacións son obxecto de inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego?

O Rexistro de Fundacións de Interese Galego é un rexistro xeral que ten por obxecto a inscrición daquelas fundacións que desenvolvan principalmente as súas actividades e que teñan o seu domicilio no territorio da nosa comunidade autónoma, o que virá determinado polo seu ámbito territorial de actuación.

Tamén deberán inscribirse neste rexistro aquelas fundacións estranxeiras que pretendan exercer as súas actividades de forma estable e que as desenvolvan principalmente no territorio da comunidade autónoma e, ademais, han de comprometerse a manter unha delegación que constituirá o seu domicilio.

Poderán inscribirse no devandito rexistro as delegacións de fundacións rexistradas no rexistro de fundacións de competencia estatal, ou noutros rexistros autonómicos, sempre que manteñan unha delegación aberta en Galicia e que pretendan exercer as súas actividades de forma estable no noso territorio.

Non se inscribirán neste rexistro as asociacións, partidos políticos, sindicatos e organizacións empresariais, igrexas, confesións e comunidades relixiosas, federacións deportivas nin ningunha outra entidade regulada por leis especiais.

Como podo saber se unha entidade está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego?

Non tes máis que acudir á nosa base de datos pública, onde poderás comprobar o número de inscrición, o nome completo, a tipolo-

xía, o protectorado asignado, o seu domicilio e o teléfono ou correo electrónico de contacto. Fai a consulta a través desta ligazón:

[Consulta fundacións](#)

Que tipos de inscrición hai?

É rexistrable a constitución das fundacións e tamén os feitos que se sucedan durante a súa existencia, que son igualmente inscribibles.

A seguir, indícanse os tipos de inscrición máis habituais:

- Clasificación, declaración de interese galego e inscrición inicial
- Modificación dos estatutos
- Modificacións do padroado
- Extinción
- Delegacións e apoderamentos

2. COMO SE SOLICITA A INSCRICIÓN NO REXISTRO DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO

Quen pode presentar unha solicitude?

A propia fundación, mediante o certificado dixital, e a persoa ou persoas fundadoras ou calquera membro do padroado —o órgano de goberno e representación da fundación—, co certificado ou chave365.

Nos demais casos, será necesario acreditar a representación por calquera medio válido en

dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, xa sexa mediante documento público notarial, por comparecencia electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia ou a través da acreditación da inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia.

En que lugar presento a miña solicitude?

Lembra que as solicitudes de inscrición deben realizarse a través da sede electrónica

da Xunta de Galicia, mediante o modelo normalizado PR750A:

[Solicitude PR750A](#)

A quen dirixo a solicitude?

O rexistro é único para toda a Comunidade Autónoma de Galicia e está adscrito á consellería competente en materia de fundacións, que é a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. O rexistro consta de tantas seccións como departamentos integren a Xunta de Galicia e en cada un deles haberá un rexistro auxiliar.

Se se trata de inscribir a clasificación, a declaración de interese galego e a inscrición inicial da fundación, a consellería competente

para a recepción da solicitude será, en todo caso, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Nos demais casos, deberás remitir a solicitude a aquel rexistro onde pretendas realizar a inscrición, que será a consellería correspondente por razón da materia que constitúa o fin principal da entidade e que exerce o protectorado sobre ela. Podes identificar esta consellería de adscrición na orde de clasificación da fundación de que se trate.

Onde podo conseguir modelos de documentos?

Dispós de modelos de estatutos, así como de toda a información necesaria sobre os

diferentes tipos de inscrición, na nosa web:

<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/es/fundacions>

Teño que presentar documentación orixinal?

Si, os documentos achegados no proceso da inscrición deben ser orixinais. Por este motivo, non se admiten fotocopias, documentos escaneados nin ningún outro tipo de reprodución.

Os documentos orixinais requiridos para a tramitación deben ser documentos orixinais asinados dixitalmente ou copias electrónicas auténticas dos documentos asinados en papel.

Se non dispós de documentos asinados dixitalmente, antes da presentación electrónica

da túa solicitude podes dixitalizar os documentos asinados manualmente e obter unha copia auténtica.

Nas oficinas de atención ao cidadán e de rexistro da Xunta de Galicia poderás obter unha copia electrónica auténtica da documentación orixinal en papel, logo do pagamento da taxa correspondente.

Podes ampliar a información sobre as copias electrónicas auténticas a través da seguinte ligazón:

[Información copias electrónicas auténticas](#)

Que documentación teño que achegar xunto coa miña solicitude?

A seguir, indicamos os tipos de inscrición máis frecuentes, así como a documentación que terás que achegar xunto coa solicitude en cada un deles. Se necesitas información sobre

outros procedementos, ou ampliar a que se proporciona a continuación, debes acceder á seguinte ligazón:

<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/es/fundacions>

Clasificación, declaración de interese galego e inscrición inicial

A escritura de constitución da fundación, que se formaliza en documento público, deberá presentarse para a súa inscrición no prazo de seis meses desde o seu outorgamento. As fundacións adquirirán personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública de constitución no rexistro.

O contido mínimo da escritura de constitución é o seguinte:

- Nome, apelidos, idade e estado civil do fundador ou fundadora, se se trata de persoas físicas, e a súa denominación ou razón social, se se trata de persoas xurídicas. En ambos os casos, indicarse a súa nacionalidade, domicilio e número de identificación fiscal.
- A vontade de constituír unha fundación.
- A dotación, valoración, forma e realidade da súa achega.
- A identificación das persoas que integran o padroado, así como a súa aceptación, no caso de que se efectúe no momento fundacional.
- O texto dos estatutos ha de incluír o seguinte: denominación; fins; actividades; domicilio e ámbito territorial; regras básicas para a aplicación dos recursos co fin de cumprir os fins e para determinar as persoas beneficiarias; a composición do padroado, as regras para a designación e substitución dos seus membros, as causas de cesamento, as súas atribucións e a forma de deliberar e adoptar acordos; as causas da súa disolución e o destino dos bens e dereitos resultantes da súa liquidación, e calquera outra disposición e condición lícita que a persoa ou persoas fundadoras queiran establecer.

- Certificación negativa de denominación.

As persoas fundadoras poderán solicitar a cualificación previa dos estatutos fundacionais mediante a solicitude ao rexistro e a presentación dun exemplar do proxecto de estatutos. Esta cualificación previa terá carácter exclusivamente informativo, polo que non orixinará dereitos nin expectativas de dereito a favor de solicitantes nin de terceiros. Tampouco vinculará respecto de futuros procedementos, nin será obxecto de ningún recurso, sen prexuízo do recurso contra a cualificación rexistral, se é o caso.

Con carácter previo á solicitude de clasificación, de declaración de interese galego e de inscrición inicial, deberá solicitarse a certificación negativa de denominación. A solicitude realizarase a través do modelo normalizado PR750A e incluírá ata tres propostas de denominación para a entidade. A certificación negativa de denominación incorporarase a un ficheiro de denominacións no rexistro, denominación que se reservará de forma provisional por un prazo de tres meses desde a data de expedición do certificado de denominación. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se practique a inscrición no rexistro, a reserva de denominación caducará e cancelárase de oficio.

O rexistro non inscribirá a denominación das fundacións cando coincida ou se asemelle a outras fundacións previamente rexistradas no rexistro de maneira que se poida crear confusión entre elas. Para saber se a denominación que se pretende inscribir figura xa rexistrada, consulte o ficheiro de denominacións a través da seguinte ligazón:

Ficheiro denominacións

Pode consultar toda a información e os modelos de documentos para inscribir fundacións en:

Inscrición fundacións

Modificación dos estatutos

A solicitude de inscrición debe presentarse no prazo dun mes desde a adopción do acordo de modificación de estatutos.

Documentos que hai que presentar:

- Escritura pública de modificación estatutaria que incorporará o acordo do padroado

no que conste a vontade de modificar os estatutos e a súa conveniencia, xunto co texto consolidado dos estatutos.

O cambio de domicilio da fundación é unha modificación de estatutos, polo que debe seguirse o mesmo procedemento que para a súa inscrición.

Modificacións do padroado

A identidade das persoas titulares do órgano de goberno e representación debe inscribirse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego tras o correspondente proceso de elección ou nomeamento, ou cando se produza calquera alteración na súa composición durante o mandato.

A inscrición debe solicitarse no prazo dun mes desde a elección ou a modificación das persoas titulares do padroado.

Documentos que se deben presentar en caso de nomeamento ou substitución de patróns:

- Acta ou certificación que acredite o nomeamento e a aceptación expresa e formal do cargo como membro do padroado. Non se inscribirá o nomeamento daqueles dos que non conste expresamente a súa aceptación.
- No suposto de patróns que sexan persoas xurídicas, a aceptación formal do cargo deberá efectuala o seu representante legal, coa designación da persoa física que o representará no padroado, a cal deberá aceptar o seu nomeamento.
- Na aceptación formal dos patróns designados por razón do cargo, deberase informar o rexistro acerca da identidade da persoa a quen lle corresponda a súa substitución.

Documentos que se deben presentar en caso de que se produza o cesamento dalgún patrón:

- A inscrición do cesamento dos membros do padroado por morte, declaración xudicial de falecemento ou extinción de personalidade xurídica practicarase a instancia

do padroado ou de calquera persoa interesada, mediante certificación emitida polo Rexistro Civil ou, se é o caso, polo Rexistro Mercantil.

- Se o cesamento fose acordado por resolución xudicial firme, a inscrición practicarase mediante o seu testemuño.
- A inscrición do cesamento dos patróns por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade practicarase mediante a achega ao rexistro da correspondente resolución xudicial ou administrativa que declare tal circunstancia.
- A inscrición do cesamento por renuncia practicarase a través de escritura pública; documento privado con sinatura lexitimada por fedatario público; perante o padroado, o que se acreditará mediante unha certificación expedida pola persoa titular da secretaría co visto e prace da persoa titular da Presidencia, ou a través dunha acta de comparecencia perante o rexistro.
- A inscrición do cesamento dos membros do órgano de goberno da fundación que o fosen por razón do cargo público realízase a través dun certificado ou documento equivalente expedido polo órgano administrativo competente.
- Se a facultade de cesamento corresponde a outra persoa física ou xurídica, a súa inscrición practicarase a través dun certificado ou documento equivalente coas sinaturas lexitimadas notarialmente.
- A inscrición do cesamento por outras causas distintas practicarase coa certificación da acta da reunión do padroado na que se adoptan estes acordos, expedida pola persoa titular da secretaría e co visto e prace da persoa titular da Presidencia.

Extinción de fundacións

As fundacións extinguíranse cando concorra calquera causa das previstas no acto constitutivo ou nos estatutos, cando expire o prazo polo que foi constituída, cando se realice integramente ou sexa imposible realizar o fin fundacional ou cando así resulte da súa fusión ou escisión.

A solicitude de inscrición debe presentarse no prazo dun mes desde que se adopte o acordo de extinción da entidade.

No caso de que concorra calquera causa prevista no acto constitutivo ou nos estatutos, haberá de remitirse a seguinte documentación:

- Certificación do acordo do padroado en que se declare a extinción, ratificado polo protectorado, expedida pola persoa ou cargo con facultade para certificar, e co visto e praxe da persoa titular da Presidencia.
- Memoria xustificativa da concorrencia da causa de extinción. Cando a causa de extinción sexa a imposibilidade de levar a cabo o fin fundacional, haberá que xustificar, ademais, a improcedencia ou a imposibilidade de modificar os estatutos ou de levar á práctica un proceso de fusión, sempre que o fundador non o prohibise.
- As contas da fundación na data en que se adoptase o acordo de extinción.
- O proxecto de distribución de bens e dereitos resultantes da liquidación.

A extinción da fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que

deberá ser realizado polo padroado, co control e co asesoramento do protectorado. En caso de inexistencia do padroado, o protectorado designará de oficio os liquidadores.

O padroado, como órgano de liquidación, deberá realizar as seguintes actuacións:

- Confección do inventario e balance de situación da fundación na data de inicio do procedemento de liquidación.
- Finalización das operacións de xestión que estaban iniciadas ao acordar a extinción e as novas que deban levarse a cabo, así como a cobranza de créditos pendentes e a cancelación de débedas cos acredores de todo tipo e pola orde de prelación establecida.
- Calquera outra actuación que sexa conveniente ou necesaria para as persoas interesadas no procedemento.

Aos bens e dereitos resultantes da liquidación dunha fundación extinguida daráselles o destino previsto polo fundador ou decidido polo padroado cando teña recoñecida esta facultade na carta fundacional. Se non existise previsión do fundador nin facultade do padroado, corresponderalle ao protectorado destinar tales bens e dereitos ás fundacións, entidades non lucrativas privadas ou entidades públicas que persigan fins de interese xeral que desenvolvan principalmente as súas actividades en Galicia e que que teñan afectados os seus bens á consecución de tales fins.

Delegacións e apoderamentos

A solicitude de inscrición debe presentarse no prazo dun mes desde a adopción do acordo.

Salvo prohibición expresa dos estatutos da fundación, o padroado poderá delegar as súas facultades nun ou máis dos seus membros. Non serán delegables, en ningún caso:

- A aprobación das contas anuais e do plan de actuación.
- A modificación dos estatutos.
- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da fundación.

- Todos aqueles actos que requiran autorización do protectorado.

A inscrición da delegación de facultades do padroado nalgún dos seus membros realizarase mediante escritura pública, na que se detallarán as facultades, funcións e competencias delegadas, coas limitacións sinaladas. Para inscribir estes acordos será necesaria a aceptación expresa polos membros designados para desempeñar os devanditos cargos.

A inscrición de apoderamentos xerais practicarase mediante a correspondente escritura pública, na que constarán as facultades outorgadas polo padroado, conforme á certificación do acordo que conste na acta da reunión correspondente.

Así mesmo, a revogación da delegación e dos apoderamentos xerais inscribírase a través dunha escritura pública.

Resolución do procedemento de inscrición

O prazo de resolución dos procedementos de inscrición será de seis meses, cando se trate dunha primeira inscrición, modificación estatutaria ou extinción da fundación, e tres meses nos supostos de modificación do padroado, delegacións e apoderamentos e contas anuais, contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

No devandito prazo recibirás a notificación da correspondente resolución de inscrición.

Se fose necesario emendar algunha deficiencia ou achegar algún documento, notificaráseche o respectivo requirimento co obxectivo de que poidas corrixir os defectos observados.

Denegarase a inscrición no caso de que a entidade non cumpra os requisitos legais esixidos, de que non estea incluída no ámbito de aplicación da Lei de fundacións de interese galego ou de que non teña a natureza de fundación, así como nos casos de ilicitude penal na súa constitución ou actividade.

3. PUBLICIDADE DO REXISTRO DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO: OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS E COPIAS

Documentos que se deben presentar:

- Solicitude mediante o modelo PR750A, para o que hai que seleccionar o tipo de certificado pretendido ou a documentación requirida.

Neste caso, a simple presentación da solicitude outorga a condición de persoa interesada, motivo polo que non é necesario acreditar a representación.

4. TAXAS

O seguinte cadro ofrece información útil para cubrir o impreso de autoliquidación de taxas aplicables ás inscricións e información sobre o rexistro de fundacións, e neste relaciónse

as denominacións e os códigos das unidades administrativas tramitadoras e dos actos sometidos ao aboamento de taxas e importes.

Consellería (código 04):	Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Delegación: (código 13)	Servizos Centrais
Servizo (código 17):	Fundacións

TAXA	CÓDIGO*	TARIFA (€)
Inscripción inicial no rexistro	30 46 01	38,35
Inscripción de modificación de estatutos	30 46 02	19,20
Inscripción de modificación do órgano de goberno	30 46 03	19,20
Inscripción da delegación de facultades, revogacións e apoderamentos	30 46 04	19,20
Inscripción de fusión, escisión e extinción	30 46 05	19,20
Inscripción de alleamento, gravame e alugamento de bens	30 46 06	19,20
Modificación/desembolso da dotación	30 46 07	8,09
Constitución/modificación/supresión de comisións	30 46 08	8,09
Nomeamento/cesamento xerencia ou membros de comisións	30 46 09	8,09
Outros actos sometidos a inscrición	30 46 10	8,09
Copia doutros documentos, información, certificacións ou listaxes	30 46 11	3,85
Certificado de denominación	30 46 12	3,85
Anotacións de calquera clase ou subministración de datos	30 46 13	8,09
Expedición de copia de estatutos	30 46 14	19,20
Dilixenciado de libros (actas, diarios ou contas)	30 46 15	5,28

*Os códigos das taxas correspóndense cos servizos administrativos prestados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Se o procedemento de inscrición o tramitase outra consellería, debes consultar os códigos vixentes para cada unha delas en cada momento.

O custo dun certificado é sempre o correspondente a un só folio (3,85 €).

Os pagamentos poderanse realizar, logo da presentación do documento de pagamento correspondente, en calquera das oficinas bancarias habilitadas pola Consellería de Facenda e Administración Pública, ou ben a través da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia:

Información e pago de taxas

5. CONTAS ANUAIS E PLAN DE ACTUACIÓN

Contas anuais

As fundacións realizarán unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para iso, deberán levar un Libro diario e un Libro de inventarios e contas anuais, así como aqueles que o padroado considere convenientes segundo o sistema de contabilidade adoptado. As contas anuais ela-

boraranse seguindo os modelos, normas e criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos.

As contas anuais comprenden o balance de situación, a conta de resultados e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e de-

berán ser redactados con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación:

- No balance de situación expresaranse os bens e os dereitos que conforman o activo da entidade e as obrigacións e fondos propios correspondentes ao seu patrimonio neto e pasivo.
- A conta de resultados comprenderá os ingresos e os gastos de exercicio e, por diferenza, o seu resultado.
- A memoria, ademais de completar, ampliar e comentar a información contida no balance e na conta de resultados, incluírá as actividades fundacionais, o grao de cumprimento do destino de rendas e ingresos aos fins fundacionais, un inventario dos elementos patrimoniais e da entidade e, se é o caso, o informe anual sobre o cumprimento dos códigos de conduta das entidades sen fins lucrativos para a realización de investimentos financeiros temporais.

Someteranse a auditoría externa as contas anuais* das fundacións cando, durante dous exercicios consecutivos, concorran na data de peche do exercicio, polo menos, dúas das seguintes circunstancias:

- Que o total das partidas de activo sexa superior a 2.400.000 euros
- Que o importe neto do volume anual de ingresos pola actividade propia máis, se é o caso, o da cifra de negocios da súa actividade mercantil sexa superior a 2.400.000 euros
- Que o número de traballadoras e traballadores empregados durante o exercicio sexa superior a 50.
- Que o valor das vendas e dos gravames de bens e dereitos da fundación realizados durante o exercicio económico supere o 50% do valor total do seu patrimonio.

*Podes ampliar a información sobre a presentación obrigatoria de auditorías externas na seguinte ligazón:

Contas anuais: auditoría

Os informes de auditoría presentaráselle ao protectorado logo da súa emisión ou xunto coa presentación das contas anuais.

As contas anuais deberán ser formuladas ao peche do exercicio e aprobadas polo padroado no prazo de seis meses desde a data de peche. Así mesmo, deberá presentarse ante o protectorado, no prazo de vinte días hábiles desde a súa aprobación, xunto coa seguinte documentación:

- Certificación da persoa titular da Secretaría da fundación, co visto e praxe da per-

soa titular da Presidencia, do acordo de aprobación das contas anuais polo padroado da fundación, na que conste, se procede, que as contas presentadas se corresponden coas auditadas, en cuxo caso se achegará o informe de auditoría.

O padroado non poderá delegar a función de aprobación das contas anuais noutros órganos da fundación. O exercicio económico coincidirá co ano natural, a non ser que nos estatutos se estableza un período diferente.

Plan de actuación

O padroado elaborará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, o Plan de actuación correspondente ao seguinte exercicio económico, acompañado da certificación da súa aprobación por acordo do padroado da fundación, coas maiorías establecidas nos estatutos.

O Plan de actuación conterá información sobre os obxectivos e as actividades que a

fundación prevexa desenvolver no exercicio seguinte, sobre cada unha das súas actividades propias e aquelas de carácter mercantil, sobre os gastos estimados para cada unha delas e os ingresos e outros recursos previstos, así como calquera outra información que permita comprobar o grao de realización de cada actividade ou o grao de cumprimento dos obxectivos.

Para saber máis sobre as contas anuais e o Plan de actuación:

Contas anuais, plan de actuación e legalización de libros

6. CONTACTO

Necesito máis información

Visita a nosa web para ampliar a información recollida nesta guía:

Fundacións de interese galego

Esta ligazón permite obter información, modelos orientadores de documentación e toda a información necesaria para a liquidación

de taxas, con relación aos procedementos que tramita a Xunta de Galicia en materia de fundacións.

Atención personalizada

Se a información achegada non resolve as túas dúbidas, poñemos á túa disposición teléfonos de contacto e correos electrónicos para solucionarlas. Ten en conta que:

- Se se trata dunha solicitude de clasificación, de declaración de interese galego e de inscrición inicial da fundación, a consellería competente para atenderte será, en todo caso, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Nos demais casos, deberás dirixirte a aquel rexistro onde pretendas realizar a inscrición, que será a consellería correspondente por razón da materia que constitúa o fin principal da entidade e que exerce o protectorado sobre ela. Podes identificar esta consellería de adscrición na orde de clasificación da fundación de que se trate.

REXISTRO ÚNICO DE FUNDACIÓNS

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas
Tfno.: 981 545 244
Correo-e: fundacions@xunta.gal

REXISTROS AUXILIARES DE FUNDACIÓNS

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Servizo de Xestión Administrativa
Tfno.: 981 541 712
Correo-e: reximexuridico.cmatv@xunta.gal

Consellería de Facenda e Administración Pública

Servizo Técnico-Xurídico
Tfno.: 981 545 176
Correo-e: sxtecnicoxuridico.facenda@xunta.gal

Consellería de Vivenda e Planificacións de Infraestruturas

Servizo Técnico-Xurídico

Tfno.: 981 545 346

Correo-e: sxreximexuridico.cim@xunta.gal

Consellería de Economía e Industria

Servizo Técnico-Xurídico

Tfno.: 881 999 789

Correo-e: coordinadministrativa.ceii@xunta.gal

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Servizo Técnico-Xurídico

Tfno.: 981 544 477

Correo-e: xuridico.educacion@xunta.gal

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Servizo Técnico-Xurídico

Tfno.: 981 544 841

Correo-e: xuridico.cultura@xunta.gal

Consellería de Política Social e Igualdade

Subdirección xeral de Coordinación Administrativa

Tfno.: 881 995 218

Correo-e: coordinacionadministrativa.politicasocial@xunta.gal

Consellería de Sanidade

Servizo de Réxime Interior

Tfno.: 881 541 808

Correo-e: servizo.rexime.interior@sergas.gal

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Servizo de Calidade de Procedementos e Sistemas

Tfno.: 981 545 350

Correo-e: vicesecretaria.emploi.igualdade@xunta.gal

Consellería do Medio Rural

Servizo de Calidade de Procedementos e Sistemas

Tfno.: 981 544 712

Correo-e: sxt.medio-rural@xunta.gal

Consellería do Mar

Servizo Técnico-Xurídico

Tfno.: 981 546 162

Correo-e: vicesecretariaxeral.cmrmm@xunta.gal



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES**

Secretaría Xeral Técnica

Complexo Administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela